

XULIO VALCÁRCEL
xulioval@gmail.com



O canto das aves conéctanos coa natureza

O meu amigo Quique Sánchez sabe falar cos paxaros e cada vez que vén pola editorial bota unha parrafeada con Sol, o noso canario. O paxaro escoita e despois respóndelle. O que falan só eles o saben, nunca me atrevín a preguntarllo a ningún dos dous. Supoño que é unha conversa secreta, non transcribible en palabras. Outra linguaxe, outro código distinto, sinxelo, profundo como o da música, que entendemos sen entendela. Nunha ocasión, pretendendo mellorar o repertorio de Sol, púxenlle o canto gravado duns colegas máis avantaxados..., e o paxariño calou durante un ano!

Persoalmente teño devoción polo rechouchío dos paxaros. Paréceme fascinante ese cantar por cantar, sen recompensa, para todos e para ninguén. Que mensaxe agochan cando, nas mañás de verán, enchen bosques e enramadas cun canto que mereceu a indulxencia do indulto na cantiga de Fernando Esquifo: "Seu arco nas mans, as aves ferir/a las que cantavan; deixa-las guarir/a las aves, meu amigo".

Os que saben disto din que non cantan por simple deleite, que o fan para transmitir informacións esenciais para a súa supervivencia. Marcan, por caso, o territorio. Un merlo, un xilgaro, unha cotovía advirten co seu trilo, aos posibles competidores, que aquel espazo lles pertence. Tamén utilizan o canto

para atraer parella durante a época de reprodución. Os seus fermosos trilos son verdadeiras declaracións de amor destinadas a seducir. Intercambian, ademais, sinais de alarma para avisar da presenza de depredadores, indican a localización de alimento ou manteñen contactos cos membros do seu grupo. Cada especie desenvolveu un repertorio propio de sons, tan preciso que os individuos poden distinguir matices e significados diferentes.

Naturalistas, ornitólogos e xente do medio rural saben interpretar estas mensaxes, recoñecendo chamadas de alerta, cantos de contexto ou sinais de presenza territorial. Non se trata dun diálogo no sentido humano da palabra, pero si dunha forma de sintonía coa natureza. Se escoitamos con paciencia acabamos comprendendo o que "din". Se cadra por iso, algunhas culturas atribúan aos paxaros unha sabedoría especial, considerándoos mensaxeiros entre o ceo e a terra. Certamente, o seu canto é unha invitación a deternos a meditar sobre a riqueza marabillosa que nos rodea.

Papagaio

Vén isto ao caso pola lectura das memorias de Pablo Eguren Casal "Si yo ya hubiera resucitado. Vida e inéditos

de Selva Casal" (Estuario/ Alfar. Montevideo, 20026), nas que recupera e difunde o legado de súa nai, Selva Casal, notable poeta, e doutros personaxes, como o violonchelista Óscar Nicastro que "platicaba" cun papagaio que trouxera logo dun concerto en Paraguai: "Era un integrante más del barrio. Cuando se escapaba (o amo tíñao atado dunha pata cunha fina cadea) había una gran conmo-

ción y salíamos todos los chiquilines a buscarlo". En canto o localizaban, o autor de "Lamento aymara" e "Himno al sol" chamábao, e a ave acudía ao seu encontro. Conta tamén Pablo que o seu irmán Arturito "iba chiflando como los pájaros y estos le contestaban".

Eu non sei falar con Sol, como fai o amigo Quique Sánchez. Pero entender, entendémonos.



Ilustración de Gosia Trebacz | CEDIDA